

X Concurso Galego de **Composición** para Banda de Música e Sección Sinfónica

Inscricións e requisitos xerais

1. A información contida nesta parte xeral debe ser cumprimentada co disposto na documentación específica.
2. A solicitude dos/das participantes deberá facerse no impreso de solicitude (anexo I) Tamén estará dispoñible na web da FGBMP.
3. Toda a documentación que se presente en formato de texto, será en lingua galega.
4. Esta solicitude incluírase nun sobre pechado que conterá:
 - A ficha de inscrición (anexo I) debidamente cuberta
 - Fotocopia do DNI.
 - Currículo artístico do participante en papel ou en soporte informático. Non sobrepasará os 2000 caracteres
 - Declaración de que a obra é inédita e non foi premiada en ningún outro certame ou concurso

Falta de documentación e emendas

Se na solicitude se apreciasen defectos ou falta de documentación por parte da Federación Galega de Bandas de Música Populares, requirirase ao solicitante para que no prazo de 10 días emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixese, se considerará desistido da súa petición, de conformidade co previsto no artigo 71 da Lei 30/1992 do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Destino e devolución das obras

- As obras dos participantes premiadas quedarán en posesión da Federación Galega de Bandas de Música Populares.
- A Federación Galega de Bandas de Música poderán desenvolver as accións que considere oportunas encamiñadas á difusión dos traballos seleccionados.

Queda implícita a autorización dos participantes, a favor da Federación Galega de Bandas de Música Populares para a exhibición, reprodución ou publicación das obras presentadas por calquera medio que se estime oportuno, sen máis limitacións que as derivadas do Real Decreto lexislativo 1/1996, do 12 de abril, que aproba o texto refundido da Lei de Propiedade intelectual. A licenza que regulará os dereitos de autor será a de Creative Commons.
- Os/as autoras quedarán comprometidos a realizar as modificacións precisas nos documentos finais para que poidan ser publicados.
- As obras dos participantes non premiadas deberán ser retiradas por eles ou persoa autorizada no local da Federación Galega de Bandas de Música Populares no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da recepción da notificación coa decisión do xurado.
- Transcorrido este prazo as obras quedarán a disposición da Federación Galega de Bandas de Música Populares e poderán ser destruídas.



X Concurso Galego de **Composición** para Banda de Música e Sección Sinfónica

ANEXO I

Datos do/a solicitante

Especialidade na que participa	<input type="checkbox"/> 1ª Categoría	<input type="checkbox"/> 2ª Categoría	<input type="checkbox"/> 3ª Categoría
Título da obra			
Nome			
Primeiro apelido			
Segundo apelido			
Enderezo, rúa, núm. e piso			
Cód. postal	Localidade	Provincia	
Teléfono	Móbil	Correo elec.	

Declaro que a obra arriba mencionada é inédita, non foi premiada noutro concurso ou certame, non foi editada nin estreada co título actual ou calquera outro; así como a aceptación das bases que regulan este concurso.

Asinado en,

O/a compositor/a

Consonte o disposto na Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos serán tratados de xeito confidencial. Poderán ser incorporados aos ficheiros da FGBMP, coa finalidade de seren utilizados para as xestións da Federación relativas ao solicitante. Este poderá, en calquera momento, exercer os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición, comunicándoo mediante escrito que deberá presentar no Rexistro da FGBMP.